

As aportacións de CSI-CSIF ó borrador do calendario escolar vense reflexadas na proposta definitiva.

CSI-CSIF consegue reducir en dous días a duración do calendario escolar 2005/2006.

O borrador primeiro situaba o inicio das actividades lectivas en Infantil e Primaria o 9 de Setembro e no 16 para Secundaria e Bacharelato. O remate das mesmas para estas etapas estaba previsto para o 27 de Xuño.

CSI-CSIF solicitou da Consellería a través das aportacións enviadas, algunhas modificacións: **Que o inicio das actividades lectivas non se fixera un venres, e particularmente, neste caso, que as clases empezaran o 12 de setembro para Infantil e Primaria e o 19 para Secundaria; e o remate das mesmas fose o 23 de Xuño.**

Na mesa sectorial de hoxe 25 de abril, insistimos nestas reivindicacións, pero só se conseguiu retrasar o inicio nun día para cada etapa e o remate noutro, polo que as actividades lectivas empezarán o 12 de Setembro en Infantil e Primaria e o 19 en Secundaria e Bacharelato; rematando nestas etapas o 26 de xuño. **Consegiuse polo tanto unha redución de dous días respecto da proposta inicial da Consellería.**

Desde CSI-CSIF valoramos positivo este avance aínda que insuficiente, pois seguimos a ser unha das comunidades con maior número de días lectivos. Tamén queremos agradecerlle ó profesorado a súa participación na enquisa que tiñamos plantexada na nosa páxina web: www.csi-csif.es/galicia. Nela o 89 % dos participantes manifestouse contrario á ampliación do calendario escolar tal e como propoñía de inicio a Consellería; resultados que foron trasmitidos á propia Administración educativa.